

INTRODUCCIÓN

O presente protocolo ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo seguen as pautas marcadas polas autoridades sanitarias, porén serán obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisión que adopten as autoridades sanitarias da Xunta e do Goberno Central.

Cualquera cambio será informado á comunidade educativa mediante a páxina web do centro.

I- MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

- 1- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se adxunta, que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
- 2- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán de asistencia a clase ou, de ser o caso, de escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

II – COMUNICACIÓN OBRIGATORIAS DE SINTOMATOLOGÍA OU DE CONFIRMACIÓN

- 1- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas na enquisa) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.
- 2- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa (polo menos unha das relacionadas na enquisa), o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
- 3- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.
- 4- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro
- 5- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro

educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática “EduCovid” a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

- 6- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
- 7- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíanse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

EQUIPO COVID DO CENTRO: Alfonso Lameiro Paz (Coordinador)
Teresa Vigo Sambade.
Cristina Iglesias Rial

III- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- 1- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.
- 2- A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan

inviabile a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

3- O profesorado informará, especialmente nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo, ao alumnado sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias utilizarase auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.

IV- MEDIDAS HIXIÉNICAS XERAIS

- 1- Todas as persoas que accedan ao centro deberán levar máscara e facer uso das alfombras hixiénicas comerciais ou felpudos impregnados da disolución desinfectante, dispostas nas entradas ao mesmo.
- 2- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.

- 3- Reforzaranse as tarefas de limpeza en todas as estancias, con especial incidencia nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas e ventás, mesas, ordenadores, mobles, pasamáns, chans, teléfonos e outros elementos de similares características así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.
- 4- Colocaranse dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante para as mans, en número e disposición suficientes nos lugares de traballo, polo menos na entrada do centro, aulas, despachos e espazos común, incluídos baños e aseos.
- 5- Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións: ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases e, sempre que sexa posible, entre clases.
- 6- Cando as condicións metereolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

V- NORMAS ENTRADAS E SAÍDAS

A – ENTRADAS:

- 1- Cada curso terá a súa hora de entrada.
- 2- A distribución das entradas será a seguinte:

A- ENTRADAS:

- 6º E. Infantil: 9,10 – Porta infantil (explanada buses).
- 5º E. Infantil: 9,20 – Porta Infantil (explanada buses).
- 4º E. Infantil: 9,30 – Porta Infantil (explanada buses).

- 1º E. Primaria: 9,20 – Porta patio interior / acceso aula porta 2.
- 2º E. Primaria: 9,30 – Porta patio interior / acceso aula porta 2.
- 3º E. Primaria: 9,20 – Porta patio interior / acceso aula porta 3.
- 4º E. Primaria: 9,30 – Porta patio interior / acceso aula porta 3.
- 5º E. Primaria: 9,20 – Porta patio interior / acceso aula porta 1
- 6º E. Primaria: 9,30 – Porta patio interior / acceso aula porta 1

- 1º ESO: 9,10 – Porta A / acceso aula porta 1.
- 2º ESO: 9,15 – Porta A / acceso aula porta 1.
- 3º ESO: 9,10 – Porta B / acceso aula porta 2.
- 4º ESO: 9,05 – Porta A / acceso aula porta 2.

- 1º Bacharelato: 9,00 – Porta B / acceso aula porta 2.
- 2º Bacharelato: 9,00 – Porta A / acceso aula porta 1.

B- SAÍDAS:

- 4º E. Infantil: 16,10 – Porta infantil (explanada buses).
- 5º E. Infantil: 16,20 – Porta infantil (explanada buses)
- 6º E. Infantil: 16,30 – Porta Infantil (explanada buses).

- 1º E. Primaria: 16,25 – Porta patio interior 1 / recollida pais porta A.
- 2º E. Primaria: 16,25 – Porta patio interior 2 / recollida pais porta B.
- 3º E. Primaria: 16,15 – Porta patio interior 2 / recollida pais porta A.
- 4º E. Primaria: 16,15 – Porta patio interior 3/ recollida pais porta B
- 5º E. Primaria: 16,35 – Porta patio interior 1 / recollida pais porta A.
- 6º E. Primaria: 16,35 - Porta patio interior 1 / recollida pais porta B.

ESO: Sairán escalonadamente, a partir das 16,15 horas, acompañados polo profesor de última hora ata o portón do aparcadoiro. A saída será polo vestíbulo.

Bacharelato: Igual que a ESO, tres días sairán ás 15,35 horas.

- 3- Nas saídas o profesor de última hora da tarde acompañará ao alumnado ata o exterior do centro.
- 4- Nas saídas non se permite que o alumnado quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularan as saídas directamente ao exterior do recinto.
- 5- Os pais que acoden a recoller aos seus fillos deberán esperar no exterior do recinto escolar, coa excepción dos do nivel de Infantil e Primaria que poderán acceder a explanada de buses.
- 6- Rógase a maior puntualidade á hora da recollida.

VI- NORMAS AULAS

- 1- Uso obrigatorio de mascarilla.
- 2- Asignaranse postos fixos durante todo o ano (orde alfabética).
- 3- O alumnado estará sempre sentado.
- 4- Todas as mesas estarán colocadas en liña e orientadas cara á mesa do docente.
- 5- Colocación de xel hidroalcohólico e material desinfectante. O profesor de 1ª hora verificará que o alumnado realizou correctamente a hixiene de mans mediante a

formulación de preguntas.. Ao rematar a clase, o profesor desinfectará a mesa e a cadeira así como o material da aula que empregue.

- 6- Cada alumno terá o seu propio material que non poderá ser compartido.
- 7- Nos niveis de E. Infantil e Primeiro Ciclo de E. Primaria, cada alumno terá o material de traballo gardado en contedores propios (caixas de cartón, por exemplo), rotulado co seu nome.
- 8- No resto dos niveis educativos os libros e o material escolar non pode quedar no colexio, polo que traerán e levarán o necesario para o día.
- 9- As estanterías e os percheiros non se empregarán. A súa mochilas sempre estarán xunto ás súas mesas.
- 10- Nos cambios de clase o alumnado permanecerá na aula. Non poderán desplazarse pola aula, aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- 11- As portas, ventás, persianas, dispositivos de iluminación, proxectores, etc. serán empregados unicamente polo profesor.
- 12- Nos cambios de aula, avisaráselle ao docente da clase anterior con 5 minutos de antelación e a saída farase de 1 en 1, mantendo a distancia de seguridade e agardando ao docente para entrar na nova aula. En caso de que a nova aula estea ocupada, en primeiro lugar sairá o alumnado que a ocupa, ventilarase a aula e o alumnado entrante hixienizará mesas e cadeiras.

VII- NORMAS RECREO

- 1- Cada curso terá o seu espazo de recreo. Espazo que deberá respectar escrupulosamente.
- 2- Uso obrigatorio de máscara.
- 3- Queda terminantemente prohibido deambular polos espazos do colexio.
- 4- Prohibido o uso de elementos comúns de xogos ou de uso compartido (balóns, xogos de mesa...).
- 5- O profesor da aula antes de saír ao recreo, encargarse da realización da hixiene de mans co hidroxel.

- 6- Ao remate do recreo o alumnado situarase nos mesmos espazos asignados no patio interior para o acceso ás aulas, realizando o profesor de garda, situado en cada portade acceso ao interior do centro, a hixiene de mans do alumnado.
- 7- O acceso ao patio interior efectuarase ordenadamente (por filas) mantendo a distancia de seguridade.
- 8- De 13 a 13,15 horas os alumnos da ESO e Bacharelato terán un descanso na aula.

ESPAZOS RECREO

CURSO	CON CHUVIA	SEN CHUVIA
Infantil	Aula / patio interior	Explanada buses / castelo
1º Primaria	½ debaixo escola infantil	½ debaixo escola infantil
2º Primaria	½ debaixo escola infantil	½ debaixo escola infantil
3º Primaria	¼ Pabellón	Pista debaixo comedor
4º Primaria	¼ Pabellón	1/3 Pista detrás pabellón
5º Primaria	¼ Pabellón	1/3 Pista detrás pabellón
6º Primaria	¼ Pabellón	1/3 Pista detrás pabellón
1º ESO	¼ Pabellón	1/3 Pista detrás pabellón
2º ESO	¼ Pabellón	1/3 Pista detrás pabellón
3º ESO	¼ Pabellón	1/3 Pista detrás pabellón
4º ESO	¼ Pabellón	Pista debaixo comedor
1º Bacharelato	½ debaixo escola infantil	½ Explanada buses
2º Bacharelato	½ debaixo escola infantil	½ Explanada buses

- Os día sen chuvia 1º e 2º de E. Primaria poderán ter o recreo no xardín exterior das rotondas; sempre acompañados da titora.

VIII- NORMAS COMEDOR

- 1- Asignaranse postos fixos durante todo o ano (foto e nome do alumno).
- 2- Na entrada ao comedor haberá un profesor de garda encargado de botar hidroxel aos comensais.
- 3- Durante a quenda de comedor haberá tres profesores de garda, dos cales dous serán os encargados de desinfectar os espazos que queden libres (mesas e cadeiras) e un terceiro será o responsábel de botar hidroxel aos alumnos que entreguen as bandexas.
- 4- Non se poderá repetir para evitar aglomeracións.

- 5- Os alumnos de Primaria que rematen irán á zona de recreo asignada para os días de chuvia.
- 6- Os alumnos da ESO e Bacharelato que rematen desplazaranse ás aulas, onde agardaran ao inicio da primeira clase da tarde.

IX- NORMAS ASEOS

- 1- Só poderá haber dúas persoas á vez nos aseos.
- 2- Queda prohibido ir ao aseo sen autorización do profesorado.
- 3- Hixienización das mans ao saír por parte dos usuarios.
- 4- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

X- MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS

- 1- As familias só poderán entrar ao edificio escolar en caso de necesidade ou indicación do profesorado ou do equipo directivo, con cita previa e cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.
- 2- As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos, evitando, en todo caso, as xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.
- 3- Os Consellos Escolares celebraranse de xeito telemático.
- 4- As reunións de titoría e as comunicación por outros motivos coas familias, realizaranse por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección e sempre fóra dos horarios de entrada e saída, os recreos e os cambios de clase.
- 5- A comunicación coas familias realizarase mediante teléfono, a plataforma Nuntio ou videochamada, facilitándose para iso as xestións telemáticas.
- 6- Non se poderán realizar actividades grupais ou eventos no interior do centro, como festivais de fin de curso, funcións teatrais, graduacións, etc.

XI- MEDIDAS DISCIPLINARIAS

- 1- Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar consideraranse condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.
- 2- Polo que respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.